



UNIVERSIDADE
DE VIGO

DOG do 6 de marzo

**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE
VIGO DE 9 DE FEBREIRO DE 2009 POLA QUE SE
MODIFICAN E CREAN FICHEROS DE CARÁCTER
PERSOAL**

O artigo 20 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderá facer por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

A Universidade de Vigo aprobou a regulación dos ficheiros Alumnos, Contabilidade e Persoal publicados no BOE do 15 de agosto de 1995 e tamén os seguintes: Rexistro, Extensión universitaria, Xestión académica de cursos de posgrao, Saum, Telefonía, Usuarios e Riga publicados no DOGA do 14 de novembro de 2005. Pero tanto os cambios aconsellados pola Lei e polo transcurso do tempo como a implantación de medidas de seguridade na Universidade de Vigo fan necesario a publicación de modificacións nos mencionados ficheiros.

Por razón e co fin de que se cumpra o mandato legal do artigo 20 da LOPD sobre a creación e a modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade, de asegurarlles aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos, e por canto sucede, unha vez transcorrido o prazo de alegacións, e logo de cumprir os trámites establecidos na Lei 8/2001 de 13 de xullo e o Decreto 99/2002 do 1 de xullo, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro. De conformidade co previsto no artigo 20 da LOPD, e para os efectos previstos, **modifícanse** os ficheiros sinalados no anexo I e indícase o nivel de medidas de seguridade básico, medio ou alto correspondente a cada un destes ficheiros, en aplicación do Real decreto 1720/2007 de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal. Así figuran no anexo I os seguintes: Alumnos, Contabilidade e Persoal que foron creados por Resolución reitoral do 22 de xuño de 1995 e publicados no BOE do 15 de agosto de 1995; e Rexistro, Extensión universitaria, Xestión académica de cursos de posgrao, Saum, Telefonía, Usuarios e Riga creados por Resolución reitoral do 18 de outubro de 2005 e publicados no DOGA do 14 de novembro de 2005.

Segundo. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no anexo II

Terceiro. Os ficheiros indicados nos anexos rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan para cada un deles, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lles sexan aplicables.

Cuarto. Ademais das cesións previstas para cada un dos ficheiros, estas pódense realizar sempre que así se recolla nunha norma ou para os efectos de remitirilles datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades e cos límites establecidos na Lei.

Quinto. Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 9 de febreiro de 2009

O REITOR

Alberto Gago Rodríguez

ANEXO I. FICHEIROS PARA MODIFICAR

FICHEIRO ALUMNOS (1962970005)

Nome: Alumnos.

Descrición: ficheiro con datos dos alumnos.

Finalidade: xestión académica e administrativa das ensinanzas que se imparten na Universidade de Vigo e os seus centros adscritos. Mantemento de expedientes académicos dos alumnos, xestión de matrículas, tramitación e concesión de exención ou bonificacións de taxas, concesión de títulos, xestión de traslados, xestión de bolsas, xestión de estatística pública.

Usos: educación e cultura. Xestión contable fiscal e administrativa. Función estatística pública. Fins históricos, estatísticos ou científicos.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: estudantes da Universidade de Vigo. Solicitantes de matrícula da Universidade de Vigo.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica de datos/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, sinatura/impresión dixital, tarxeta universitaria.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos económico-financeiros.

Datos académico-profesionais.

Datos de violencia de xénero.

Cesións de datos que se prevén: Instituto Nacional de Estatística. Bancos, caixas de aforro e caixas rurais. SASUG (Servizo de Apoio ao Sistema Universitario de Galicia). Ministerio de Educación, Política Social e Deporte. ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia).

Responsable do ficheiro: Xerencia da Universidade de Vigo. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade do ficheiro: alto. Na parte automatizada as medidas serán de nivel básico e na parte non automatizada de nivel alto.

FICHEIRO CONTABILIDADE (1962970009)

Nome: Contabilidade.

Descrición: ficheiro con datos de contabilidade.

Finalidade: xestión contable, fiscal e administrativa, xestión económica financeira pública, xestión de provedores, recadación e patrimonio.

Uso: xestión económica financeira pública, xestión contable fiscal e administrativa.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados, provedores, estudantes, beneficiarios.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica de datos/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, sinatura/impresión dixital.

Datos económico-financeiros.

Datos de información comercial.

Datos de transaccións de bens e servizos.

Cesións de datos que se prevén: Facenda Pública e Administración Tributaria. Outros órganos da comunidade autónoma. Bancos, caixas de aforro e caixas rurais. Administracións públicas.

Responsable do ficheiro: Xerencia da Universidade de Vigo. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade do ficheiro: medio.

FICHEIRO PERSOAL (1962970007)

Nome: Persoal.

Descrición: ficheiro con datos de recursos humanos.

Finalidade: recursos humanos da Universidade de Vigo, xestión de nóminas, xestión laboral, formación, procesos de selección, xestión de axudas recibidas, procedementos administrativos.

Uso: recursos humanos, xestión de nómina, xestión contable fiscal e administrativa, traballo e xestión de emprego, fins históricos, estatísticos ou científicos, procedemento administrativo.



Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resultan obrigados a subministralos: empregados da Universidade de Vigo, solicitantes, demandantes de emprego, profesorado e persoal contratado de proxectos de investigación.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, número da Seguridade Social/mutualidade, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, número de rexistro persoal, imaxe/voz, sinatura/impresión dixital, tarxeta sanitaria.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económico-financeiros.

Datos académico-profesionais.

Datos de transaccións de bens e servizos.

Datos relativos a infraccións administrativas.

Datos de afiliación sindical.

Cesións de datos que se prevén: organismos da Seguridade Social. Facenda Pública e Administración Tributaria. Outros órganos da comunidade autónoma con competencia universitaria. Bancos, caixas de aforros e caixas rurais. Entidades aseguradoras. Entidades sanitarias. Mutualidades. Servizo de Prevención Alleo. Consello Galego de Universidades.

Responsable do ficheiro: Xerencia da Universidade de Vigo. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade do ficheiro: medio.

FICHEIRO REXISTRO (2060130518)

Nome: Rexistro.

Descrición: ficheiro con escritos entregados na Universidade.

Finalidade: almacenamento de solicitudes, escritos e comunicados á Administración da Universidade en función da Lei de procedemento administrativo 30/1992.

Usos: procedemento administrativo.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados, provedores, estudantes, representantes legais, solicitantes, beneficiarios, demandantes de emprego.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Outras persoas físicas. Rexistros públicos. Entidades privadas. Administracións públicas.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, número de Seguridade Social/mutualidade, número de rexistro persoal, imaxe/voz, sinatura/impresión dixital.

Datos de características persoais.

Datos de circunstancias sociais.

Datos de detalles de emprego.

Datos económico-financeiros.

Datos académico-profesionais.

Datos de información comercial.

Datos de transaccións de bens e servizos.

Datos relativos a infraccións administrativas.

Datos de afiliación sindical.

Cesións de datos que se prevén: outras universidades. Administracións públicas.

Responsable do ficheiro: Secretaría Xeral da Universidade de Vigo. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade do ficheiro: alto. Na parte automatizada as medidas serán de nivel básico e na parte non automatizada de nivel alto.

FICHEIRO EXTENSIÓN UNIVERSITARIA (2060130511)

Nome: Extensión universitaria.

Descrición: ficheiro con datos de cursos non regulados.

Finalidade: xestión de cursos de ensino non regulado, matrículas, asistencias, fins estatísticos.

Uso: xestión contable fiscal e administrativa. Educación e cultura. Función estatística pública. Fins históricos, estatísticos ou científicos.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: estudantes, solicitantes.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, sinatura/marca dixital.

Datos de detalles de emprego.

Datos económico-financeiros.

Datos académico-profesionais.

Datos de transaccións de bens e servizos.

Cesións de datos que se prevén: non se prevén.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade: básico.

FICHEIRO XESTIÓN ACADÉMICA CURSOS POSGRAO (2060130540)

Nome: xestión académica de cursos de posgrao.

Descrición: ficheiro con datos de estudantes de posgrao.

Finalidade: xestionar a relación dos estudantes dos cursos de posgrao (preinscricións, matrículas, actas etc.).

Uso: educación e cultura. Xestión contable fiscal e administrativa. Función estatística pública. Fins históricos, estatísticos ou científicos.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: estudantes, solicitantes.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo.

Datos de características persoais.

Datos académico-profesionais.

Cesións de datos que se prevén: non se prevén.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade: nivel básico.

FICHEIRO SAUM (2060130524)

Nome: Saum.

Descrición: ficheiro con datos de avarías de microinformática.

Finalidade: xestión e control de usuarios e incidencias.

Uso: xestión e control de usuarios e incidencias.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: usuarios dos sistemas de información.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal. Outras persoas físicas.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), conta de usuario.

Cesións de datos que se prevén: non se prevén.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: automatizado.

Nivel e medidas de seguridade: básico.

FICHEIRO TELEFONÍA (2060130532)

Nome: Telefonía.

Descrición: ficheiro co directorio telefónico.

Finalidade: directorio telefónico e control de facturación das chamadas realizadas polo persoal da Universidade de Vigo, función de estatística pública.

Uso: función estatística pública. Xestión contable.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, sinatura/impresión dixital.

Datos de detalles de emprego.

Datos económico-financeiros.

Cesións de datos que se prevén: non se prevén.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade: básico.

FICHEIRO USUARIOS (2060130536)

Nome: Usuarios.

Descrición: ficheiro con datos de permisos de usuarios.

Finalidade: asignación de permisos de acceso a recursos e servizos para os usuarios dos sistemas informáticos.

Uso: control dos usuarios dos sistemas de información.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: usuarios dos sistemas de información da Universidade de Vigo.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, sinatura/impresión dixital, sinatura electrónica.

Datos académico profesionais.

Datos de detalle de emprego.

Cesións de datos que se prevén: non se prevén.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade: básico.

FICHEIRO RIGA (2060130521)

Nome: Riga.

Descrición: ficheiro con datos científicos.

Finalidade: rexistro de datos de produción científica para fins científicos, históricos ou estatísticos.

Uso: fins históricos, estatísticos ou científicos.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados, profesores adscritos á Universidade de Vigo.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal. Fontes accesibles ao público.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, sinatura/impresión dixital.

Datos de características persoais.

Datos académico profesionais.

Datos de detalles de emprego.

Cesións de datos que se prevén: Centro de Supercomputación de Galicia.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Investigación. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: mixto.

Nivel e medidas de seguridade: básico.

ANEXO II. FICHEIROS DE NOVA CREACIÓN

FICHEIRO TELEVISIÓN

Nome: televisión.

Descrición: ficheiro con vídeos educativos e institucionais.

Finalidade e usos: servizos de transmisión de vídeo sobre internet da Universidade de Vigo co fin de poñer a disposición de todos os usuarios os contidos audiovisuais de carácter educativo e institucional.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: toda a comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal. Fontes accesibles ao público.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

De carácter identificativo: nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), teléfono, imaxe/voz.

Cesións de datos que se prevén: non se prevén.

Responsable do ficheiro: Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: automatizado.

Nivel e medidas de seguridade: nivel básico.

FICHEIRO PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Nome: Prevención de riscos laborais

Descrición: ficheiro con datos de prevención de riscos laborais.

Finalidade: xestión de cursos, vixilancia da saúde, xestión de riscos psicosociais e control de incompatibilidades no posto de traballo.

Usos: recursos humanos. Prevención de riscos laborais. Xestión e control sanitario. Función estatística pública. Fins históricos, estatísticos ou científicos. Procedemento administrativo. Xestión sancionadora.

Persoas ou colectivos dos que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos: empregados.

Procedemento de recollida de datos

Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal. Administracións públicas.

Procedemento de recollida: formularios. Transmisión electrónica/internet.

Soporte utilizado para a obtención: papel. Soporte informático e vía telemática.

Estrutura básica do ficheiro automatizado e descrición dos datos contidos neste

De carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico), sinatura/impresión dixital, teléfono, imaxe/voz, número de Seguridade Social/mutualidade, número de rexistro persoal, marcas físicas, tarxeta sanitaria.

Datos de detalles de emprego.

Datos de saúde.

Datos relativos a infraccións administrativas.

Cesións de datos que se prevén: organismos da Seguridade Social. Sindicatos e xuntas de persoal. Comité de Seguridade e Saúde. Entidades sanitarias. Servizo de Prevención Alleo. Ministerio de Sanidade. Inspección de traballo. Fremap.

Responsable do ficheiro: Xerencia da Universidade de Vigo. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO: Secretaría Xeral. Edificio Reitoría.
Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.

Carácter do ficheiro: manual.

Nivel e medidas de seguridade: nivel alto.

